2015



Sorex

Ecoloxía e Medio Ambiente

DOSSIER DE SERVIZOS E TRABALLOS REALIZADOS

Sorex, Ecoloxía e Medio Ambiente nace para ofrecer ao público a súa experiencia na xestión de fauna e recursos medio ambientais, empregando as últimas ferramentas para o desenvolvemento dos nosos proxectos.

A nosa formación como Biólogos e os nosos anos de experiencia en traballos de xestión de recursos naturais e medio ambiente nos permiten ofrecerlles os seguintes servizos:

Xestión ambiental de proxectos

- Inventarios de fauna e vexetación para Estudos de Impacto Ambiental.
- Estudos previos de avifauna e quirópteros para emprazamentos de parques eólicos.

Xestión do medio natural

- Realización de estudos de fauna e desenvolvemento de atlas e inventarios faunísticos e botánicos.
- Desenvolvemento de Plans de Ordenación de Recursos Naturais, xestión e conservación de espazos naturais.
- Desenvolvemento de Plans de Ordenación Cinexética e Plans Anuais de Caza.

Educación ambiental

- Deseño de Rutas de Sendeirismo.
- Deseño de trípticos, guías e outros materiais relacionados.
- Inventarios de fauna e flora.
- Actividades de educación ambiental.
- Deseños interpretativos en centros de visitantes, aulas da natureza, museos, etc.
- Deseño e elaboración de exposicións con temática medioambiental.
- Deseño e elaboración de material didáctico ambiental: cadernos de campo, guías de fauna e flora, etc.

Formación técnica especializada

- Organización de charlas e seminarios científico-técnicos.
- Elaboración de contidos formativos.
- Desenvolvemento de cursos formativos teórico-prácticos.

Xestión do medio natural

Un dos principais obxectivos de **Sorex**, Ecoloxía e Medio Ambiente son os estudios de carácter científico. Ao longo dos últimos anos temos levado a cabo varios proxectos de investigación a nivel nacional. centrados no coñecemento das comunidades de vertebrados de varios espazos protexidos, a súa ecoloxía e o seu estado de conservación e ameazas.

"Programa de seguimento do leirón cinsento (*Glis glis*) mediante instalación de caixas aniñadoiras". Colaboración con ADEGA e o Museo de Granollers. 2014-2015.

"Inventario de Mamíferos do ENIL Xunqueira de Alba (Pontevedra)". Contratado pola Oficina de Medio Ambiente, Concello de Pontevedra. 2014.

"P12244 - GLP compliant field studies regarding PT of hares and rabbits in different crops in Central and Southern EU". Contratado por RIFCON GmbH. 2013.

"Estudio del uso del espacio del gato montés (Felis silvestris Schreber 1777), en un área quemada del Parque Natural de la Serranía de Cuenca. Implicaciones para la gestión y conservación de la especie". Contratado por TRAGSA. 2011-2012.

"Distribución y abundancia de especies presa (*Lepus granatensis*, *Oryctolagus cuniculus* y *Alectoris rufa*) en áreas quemadas del Parque Natural de la Serranía de Cuenca". Contratado por TRAGSA. 2011.

Redacción do Plan de Ordenación Cinexética do Tecor Cangas 2001 (PO-10.145). 2011.

"Factores determinantes para a conservación de insectívoros forestais (quirópteros)". Contratado pola Consellería de Medio Rural. Contratado pola Consellería de Medio Rural. 2010-2011.

"Realización de atlas e cartografía de distribución de vertebrados terrestres reprodutores no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés". Traballo de campo de mamíferos, quirópteros, anfibios, réptiles e aves. Contratado pola Universidade de Santiago de Compostela. 2010.

"Estudo xenético e poboacional do gato bravo e dos carnívoros anfibios no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés". Contratado pola Consellería de Medio Rural. 2010.

"Estudio metodológico para la evaluación de la distribución y abundancia de gato doméstico en el Parque Nacional de las Islas Atlánticas" desenvolvido dentro do proxecto"Control integrado de complejos de invasión en el Parque Nacional de las Islas Atlánticas (73/2007)". Contratado polo "Instituto Mediterráneo de Estudios Avanzados (IMEDEA)". 2009-2010.

"Estudio de mamíferos en el Parque Natural de la Serranía de Cuenca". Contratado polo "Organismo Autónomo Espacios Naturales en Cuenca. Delegación Provincial de Cuenca. Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Rural. Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha". 2009.

Colaboración no proxecto **"Inventario y estudio de la abundancia y distribución espacial de los mamíferos en el Parque Metropolitano Península de Los Toruños y Pinar de La Algaida"**. 2009.

Censos para coñecer o estado das poboacións de especies presa clave para a conservación da aguia real (Coello, *Oryctolagus cuniculus*; lebre ibérica, *Lepus granatensis*; perdiz rubia, *Alectoris rufa* e charrela *Perdix perdix*) dentro do Plan de recuperación da Águia real *Aquila chrysaëtos* L. en Galicia. Traballo contratado por Ecoplanin Xestión e Información Ambiental SL. 2008-2009.

Provisión de material de orixe biolóxica para o proxecto **"Los roedores como reservorios en sistemas ganaderos de dehesa: caracterización de las poblaciones de roedores y su papel como reservorios de algunas enfermedades parasitarias (Nº: FAU2006-00012-C02-01)"**, promovido pola "Facultad de Veterinaria. Dpto. Patologia Animal I (Sanidad Animal). Universidad Complutense de Madrid". 2008.

Análise de gravacións de ultrasóns de quirópteros de Guadarrama para o "Museo Nacional de Ciencias Naturales". 2008.

Os nosos clientes

Xestión ambiental de proxectos

Nos últimos anos traballamos na toma de datos e na elaboración de inventarios de flora e fauna, para máis de 50 **Estudios de Impacto Ambiental** (EIA) e informes ambientais para Parques Eólicos, Minicentrais Hidroeléctricas, Liñas de Alta Tensión e Vías de Comunicación.

Así mesmo, temos realizado **seguimentos ambientais** e campañas cero en Parques Eólicos e Liñas de Alta Tensión mediante a aplicación de distintas metodoloxías de censo (transectos lineais, estacións de escoita, estacións de observación, etc.), así como mostreos para a avaliación da incidencia destas infraestruturas sobre aves rapaces, paseriformes e quirópteros.

Elaboración do informe sobre a comunidade faunística presente para o Estudo de Impacto Ambiental das obras de modificación da Central Hidroeléctrica de Fecha, río Tambre, Santiago de Compostela-Trazo (A Coruña). Contratado por Ela Ingeniería y Medio Ambiente S.L. 2015.

Seguimento Ambiental das L.A.T. Goia – Peñote, Albarellos e Ameixeiras. Traballo contratado pola empresa Recurgal SL. 2013.

Seguimento Ambiental del Parque Eólico Cerceda. Traballo contratado pola empresa Ela Ingeniería y Medio Ambiente SL. 2013.

Estudo sobre a comunidade de Quirópteros presente na área de influencia do viaduto do "Proyecto de Variante Noroeste de Murcia sobre el LIC Río Mula y Pliego (Región de Murcia)". Traballo contratado pola empresa Sfera Proyecto Ambiental S.L. 2013.

Seguimento Ambiental de las L.A.T. Serra da Loba e Goia – Peñote. Traballo contratado pola empresa Recurgal SL. 2012.

Campañas cero realizadas dentro das convocatorias para o desenvolvemento do Plan Eólico de Galicia 2008-2012. Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio ambiente SL.

Seguimento Ambiental dos parques eólicos de Buio, Rioboo e Gamoide. Traballo contratado pola empresa Adantia SL. Período: 2007-2008.

Seguimento Ambiental do parque eólico Coto da Mina. Traballo contratado pola empresa Adantia SL. 2011.

Seguimento Ambiental de los parques eólicos de P.E. de Xistral, Serra de Outes, Sil, Forcarei, Deza e Grovas. Traballo contratado pola empresa Alvariza, Asistencia técnica ambiental. 2011.

Realización do Inventario Ambiental para os anteproxectos de varios Parques Eólicos en Galicia. Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio

ambiente SL. Período: 2007-2008.

Estudo de protección da fauna e restauración paisaxística, ANEXO 8. Adenda nº 1 "Anteproyecto de Modificaciones del Salto de Ponte Inferno - río Verdugo, Pontevedra". Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio ambiente SL. 2012.

Realización de estudos ambientais de fauna e flora para o Estudo de Impacto Ambiental da concentración parcelaria de Folgueira (Outeiro de Rei). Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio ambiente SL. 2012.

Realización de estudos ambientais de fauna e flora para o Estudo de Impacto Ambiental para a concentración parcelaria de San Roman (Santiso). Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio ambiente SL. 2009.

Realización de estudos ambientais de fauna e flora para o Estudo de Impacto Ambiental para a concentración parcelaria de Parada II (Ordes). Traballo contratado pola empresa ELA, ingeniería y medio ambiente SL. 2008.

Realización de estudos ambientais de fauna e flora para o Estudo de Impacto Ambiental para a concentración parcelaria de Camposancos (Lalín). Traballo contratado por ATIKA Xestión Ambiental e Patrimonial SLU. 2008.

Os nosos clientes

Educación ambiental

Dende a nosa premisa de que hai que *coñecer para protexer* tentamos levar a diante proxectos que nos permitan educar á sociedade nuns valores de respecto polo medio natural. Por este motivo, tano na planificación e deseño de roteiros interpretativos como no deseño e elaboración de material didáctico ambiental: paneis, cadernos de campo, guías de fauna e flora, etc.; buscamos transmitir os nosos valores pola conservación do medio natural e etnográfico do territorio.

Creación de rutas de interpretación e observación da avifauna. Proxecto VALTAMEGA. Eurocidade Chaves-Verín. 2015

Edición e publicación da "Guía de Observación de Aves del Támega". Proxecto VALTAMEGA. Eurocidade Chaves-Verín. 2015

Creación do Centro de Interpretación Ambiental Transfronteirizo do Río Támega. Proxecto VALTAMEGA. Eurocidade Chaves-Verín. 2015

Realización de accións de sensibilización e educación ambiental. Proxecto VALTAMEGA. Eurocidade Chaves-Verín. 2015

Ilustracións para cartelería sobre especies invasoras. ADEGA. 2015

Xeralmente os nosos estudos nos levan a tratar coa xente das aldeas, cos veciños de certa idade que coñecen o campo e a Natureza, a fauna, as súas tobeiras e os seus rastros. E atopamos tamén que atesouran un gran acervo de lendas e mitos que envolven aos animais e o seu entorno. Sen embargo nas seguintes xeracións parece existir unha desvinculación co medio natural e en xeral unha perda dos coñecementos ecolóxicos locais.

Por este motivo vemos a necesidade de desenvolver unha serie de **actividades de educación ambiental**, destinadas a achegar o mundo natural á xente da rúa, e principalmente aos máis xóvenes, mostrando que o que sae nos documentais tamén se desenvolve no seu entorno.

Actividades de divulgación sobre quirópteros e mamíferos carnívoros, en diversos puntos do Macizo Central Ourensán, para participantes no programa de Voluntariado 2015 da Xunta de Galicia. Organizado por ADEGA. 2015.

Actividades de divulgación sobre quirópteros, na Reserva de la Biosfera Gêres-Xures, para participantes no programa de Voluntariado 2015 da Xunta de Galicia. Organizado por SUSTINEA. 2015.

Desenvolvemento de varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración de **"A noite dos Morcegos" (XIX International Bat Night)**, consistentes na realización de charlas divulgativas e sesións científicas de captura de quirópteros e uso de detectores de ultrasóns. 2015.

- Concello de Ames (A Coruña)
- Fraga de Catasón (Lalín, Pontevedra)
- Santiago de Compostela (A Coruña)
- Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês/Xurés (Lobios-Muiños, Ourense)

Actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros para escolares no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. 2015.

Actividades de divulgación sobre os quirópteros na Aula da Natureza do río Miño. Concello de Ourense. 2015.

Actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros na Aula da Natureza do río Miño. Concello de Ourense. 2015.

Actividades de divulgación sobre os quirópteros durante a I Noite da Ciencia en A Pobra do Caramiñal, A Coruña, dentro do programa Pequenos Científicos. Organizado por ANPA O AREAL. 2014.

Actividades de divulgación sobre biodiversidad Intermareal para escolares na Praia de A Corna, A Pobra de Caramiñal, A Coruña. Organizado por ANPA O AREAL. 2015.

Actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros na Aula da Natureza do río Miño. Concello de Ourense. 2014.

Sesión científica de **captura de morcegos e actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros dentro do proxecto "O río Miño e ti".** Organizado por Sustinea en Muíños, Ourense. 2014.

Desenvolvemento de varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración de **"A noite dos Morcegos" (XVIII International Bat Night)** na Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês/Xurés (Lobios-Muiños, Ourense), consistentes na realización de charlas divulgativas e sesións científicas de captura de quirópteros e uso de detectores de ultrasóns. 2014.

Construción de caixas refuxio para morcegos na Aula da Natureza do río Miño. Concello de Ourense. 2014.

Actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros na Aula da Natureza do río Miño. Concello de Ourense. 2013.

Desenvolvemento de varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración de **"A noite dos Morcegos" (XVII International Bat Night)** na Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês/Xurés (Lobios-Muiños, Ourense), consistentes na instalación de caixas refuxio para morcegos e na realización de charlas divulgativas e sesións científicas de captura de quirópteros e uso de detectores de ultrasóns. Organizado por Ecoplanin Xestión e Información Ambiental SL. 2013.

Realización da actividade **"Mamíferos na Xunqueira"** dentro do proxecto Sinte Pontevedra. Organizado polo Concello de Pontevedra. 2013.

Desenvolvemento de **varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración do "Día Europeo dos Parques"** con actividades en varios colexios da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés. Organizado por Ecoplanin Xestión e Información Ambiental SL. 2013.

"Monográfico de mostreo da fauna. Mamíferos e Micromamíferos". Organizado por Sustinea en Pena Corneira, Leiro. 2012

"Monográfico de mostreo da fauna. Morcegos". Organizado por Sustinea en Pena Corneira, Leiro. 2012.

Desenvolvemento de varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración de **"A noite dos Morcegos" (XVI International Bat Night)** na Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês/Xurés (Lobios-Muiños, Ourense), consistentes na instalación de caixas refuxio para morcegos e na realización de charlas divulgativas e sesións científicas de captura de quirópteros e uso de detectores de ultrasóns. 2012.

Desenvolvemento da actividade de educación ambiental **"Morcegos, que é iso?"** no colexio Martín Códax de Vigo para rapaces de primaria. 2012.

Mobilización da exposición didáctica "Galicia, Conservando a Natureza" por varios concellos de Galicia. Desenvolvemento de actividades de educación ambiental para escolares e visitas guiadas á exposición. Fundación de Estudos e Análises (FESAN). 2012.

Mobilización da exposición didáctica "Galicia, Biodiversidade" por varios concellos de Galicia. Desenvolvemento de actividades de educación ambiental para escolares e visitas guiadas á exposición. Fundación de Estudos e Análises (FESAN). 2012.

Desenvolvemento de **actividades de divulgación sobre os mamíferos carnívoros** na "Aula da Natureza do río Miño". Concello de Ourense. 2012.

Realización dunha **ruta guiada no Parque Natural de Fragas do Eume**. IPT. 2012.

Desenvolvemento de varias actividades de educación ambiental con motivo da celebración de **"A noite dos Morcegos" (European Bat Night)**, no P.N. Baixa Limia - Serra do Xurés (Lobios, Ourense). 2011.

Os nosos clientes

Formación técnica especializada

Consideramos que a nosa experiencia profesional é unha gran base para a formación das novas xeracións. Por este motivo dedicamos un gran esforzo ao **desenvolvemento de actividades educativas** colaborando con distintas entidades que promoven a educación ambiental e científica.

Centramos as nosas propostas formativas na aplicación das novas tecnoloxías á toma de datos en campo e á formación básica na bioloxía e ecoloxía das especies, así como nas distintas técnicas de mostreo aplicables nos estudos de fauna.

Desenvolvemento da ponencia "**Introdución ao Cybertracker**" dentro do curso "Nuevas tecnologías aplicadas al control y seguimiento de especies invasoras". Organizadas polo CENEAM en Vigo. 2015

Desenvolvemento da ponencia "**Aplicación do fototrampeo para os estudos de fauna**" dentro do curso "Nuevas tecnologías aplicadas al control y seguimiento de especies invasoras". Organizadas polo CENEAM en Vigo. 2015

Desenvolvemento dunha charla formativa sobre **identificación de rastros** para os Axentes Medioambientais do Parque Natural de la Serranía de Cuenca. 2011.

Desenvolvemento da ponencia "**Técnicas de fototrampeo para a monitorización de vertebrados terrestres**" dentro do curso "Técnicas de monitorización y seguimiento en Espacios Naturales Protegidos" organizado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño - Organismo Autónomo de Parques Nacionais. 2010.

Os nosos clientes

CENEAM centro nacional de educación ambiental

parque natural Serranía de Cuenca

Equipo humano

Adrián Lamosa Torres

Biólogo, con máis de 10 anos dedicado á consultoría ambiental tendo adquirido durante estes anos unha gran experiencia en metodoloxías de traballo e deseño de proxectos. Desde estudios faunísticos a traballos de avaliación de impacto ambiental e xestión cinexética pasando polo desenvolvemento de guías e material gráfico, sempre aplicando as novas tecnoloxías.

Xosé Pardavila Rodríguez

Biólogo, leva máis de 10 anos traballando en proxectos de investigación, conservación e xestión do medio natural. Para iso ten aplicado diversas metodoloxías para o estudo de vertebrados, principalmente mamíferos. Ten varios artigos científicos e de divulgación, así como varias decenas de comunicacións en congresos nacionais e internacionais. Actualmente está rematando a súa tese doutoral na Universidade de Santiago de Compostela (USC) sobre ecoloxía de mamíferos carnívoros.

www.sorexecoloxia.com

sorexecoloxia@sorexecoloxia.com

Rúa das Barreiras, nº80, 3º

15702, Santiago de Compostela

A Coruña

+34 656 532 582

+34 669 235 209